

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 4 DE XUÑO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de xuño de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 28 de Maio do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 22/09/2006/4456-OM/309.

A MODESTO PONTES SANCHEZ, na representación de CONSTRUCCIONES PLAZUELA S.A. con domicilio na rúa Xoan XXIII nº 3, 7ºG, Ourense, para levar a cabo as obras de construción dun edificio composto de sotano, planta baixa e cinco plantas de vivenda no inmovible sito na estrada de Francelos nº 6 (Ref. Catastral núm. 04.18.9-10) segundo o proxecto de execución do arquitecto Don Antonio Blanco Selas, con visado de data 12 de xaneiro de 2007 e Anexo ao Proxecto titulado, MODIFICACIONES, con Visado Colexial de 18 de abril de 2007.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Construción dun edificio composto de sótano, planta baixa e cinco plantas de vivendas.

Contía na que se orzan as obras: 2.028.792,32 euros.

Situación e emprazamento das obras: Estrada de Francelos núm. 6.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Antonio Blanco Selas (Dirección facultativa) e Don Juan J. Murias Romero e Don Roberto Salgado Blanco (Execución material).

Nome ou razón social do promotor: Construcciones Plazuela S.A..

Prazos: Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 22.09.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 51.335,41 euros, e visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende a 2.028.792,32 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 1.413,19 euros.

Outras condicións: Consta licencia outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2006, o proxecto básico con visado de 12-09-06. Consta Estudio

de Seguridade e Saúde, redactado por D. Juan J. Murias Romero e Don Roberto Salgado Blanco Ramón . Visado 11 de xaneiro de 2007; Proxecto de Infraestruturas, redactado por: D. Julio Pérez Formoso, con visado 31.01.07; Encargos de Dirección: Facultativa a prol de: D. Antonio Blanco Selas, Arquitecto Superior e de Execución Material a prol de Don Juan J. Murias Romero e Don Roberto Salgado Blanco Arquitectos Técnicos.

A Urbanización Frontal realizarase con suxeición ao Plano OB, con Visado de 18 de abril de 2007.

Depositárase na forma regulamentaria o correspondente aval, por importe 11.700,00 €, para responder da execución e calidade da urbanización frontal. Deberán cumprirse as condicións establecidas para o Proxecto Básico.

A planta de garaxe, construírase según definición do Plano Nº 32. Debendo dotarse dos sistemas específicos de ventilación, de acordo coas disposicións regulamentarias específicas de aplicación.

O proxecto completase coa documentación aportada, debendo construírse o edificio con suxeición a eles e demais documentación técnica que consta no expediente”.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“De Gestima S.L., remitindo informe da documentación sobre a marcha da explotación da concesión o parking sito na Alameda de Ribadavia”.

-“ Do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, contrato de Programación da Rede de Teatros e Auditorios 2007”.

-“Da Consellería de Cultura e Deportes, remitindo Convenio de Cooperación Cultural entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia para a realización do festival internacional de Teatro (Subvención por importe de 39.000 euros).”

-“Da Dirección Xeral de Administración Local, Resolución concedendo subvención para a contratación temporal de auxiliares da policía local, tempada de verán, por importe de 4.500 euros”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PETICION DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse a Orde do 24 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións,

en réxime de concorrencia competitiva, que teñen por obxecto a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública ou privada e a adquisición de equipamentos deportivos. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, presta aprobación a memoria valorada suscrita por Don Elias Pato Rodríguez, Aparellador Municipal e acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse a Orde do 24 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, que teñen por obxecto a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública ou privada e a adquisición de equipamentos deportivos. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, presta aprobación o programa de adquisición previsto e acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.

APROBACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE CENTRALIZACION, XESTION E REDUCCION DO GASTO ENERXETICO DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Prego de cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante concurso con procedemento negociado sen publicidade, as obras denominadas "Centralización, Xestión e Reducción do Gasto Enerxético do Concello de Ribadavia", do Concello de Ribadavia, o cál achase no expediente, e que ten as seguintes características:

CADRO DE CARACTERISTICAS DE CONTRATO:

- 1.-Proxecto: Centralización, Xestión e Reducción do gasto Enerxético do Concello de Ribadavia .
- 2.-Presuposto: 112.238,33 euros.
- 3.-Financiación: *Ssubvención Inega e VI Convenio da Area de Rehabilitación integral (Consellería de Vivenda, Ministerio de Fomento e Concello).*
- 4.-Prazo de execución: 2 meses.
- 5.-Clasificación: Grupo, I, Subgrupo 1, Categoría e; Grupo I, Subgrupo 09, categoría e.
- 6.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.
- 7.-Prazo de presentación de proposicións: sete días naturais a contar do día seguinte ó de notificación , en horas de nove a catorce horas.
- 8.-Garantía provisional: Non se esixe.
- 9.-Garantía definitiva: 4% do prezo de adxudicación.
- 10.- Mesa de Contratación: non se constitúe.
- 11.- Criterios económicos e técnicos para adxudicación: Mellor oferta económica (10 puntos) e menor prazo de execución (10 puntos).
- 12.-Revisión de prezos: non procede.
- 13.- Prazo de Garantía: 1 ano.

Outros datos:

Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100. Fax 988477101.

Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Concello de Ribadavia.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.